

opusdei.org

# Historia dun mariño

Carlos Navarro Revuelta,  
Vicealmirante do Corpo de  
Enxeñeiros da Armada  
española, conta a súa historia

09-10-2007

## Unha imaxe fixa

Contoumo moitas veces. Durante a manobra de proa un mariñoiro estivo a punto de caer á auga e el abalanzouse rapidamente para salvalo; puido suxeitalo, pero con tan mala fortuna que estivo a piques de perder a perna esquerda, que lle

quedara apresada entre a cadea e o cabrestante.

Isto debeu suceder alá por 1920. A raíz desa desgracia, o meu pai pasou á escala de terra e en 1934, tras unha breve estanza en Ferrol -onde nacín eu- outra en Avilés e outra en A Coruña, viñémonos a Madrid.

Unha desgracia... Sí; foi evidentemente unha desgracia, aínda que ao longo da miña vida fun vendo que Deus nos mostra o seu amor tamén a través deses sucesos que cualificamos como "desgracias" e que nos cambian a vida. Dende logo, a vida do meu pai cambiou por completo, e con ela, a de toda a familia.

Agora xulgo aquel suceso doutro xeito. E máis que unha desgracia considéroo como un deses sucesos que Deus permite para noso ben. Foi, por dicilo dalgún modo, como unha imaxe fixa (*conxelar a imaxe*, dise

agora) de toda a singladura da súa vida. Cando penso no meu pai mo imaxino nese momento crucial, abalanzándose para salvar o mariñeiro e roto de dor, coa perna destruída. Porque aquilo non foi un feito illado, senón unha constante da súa existencia. Morreu sendo capitán de navío en 1974.

Cando un chega a estas idades pensa moito nos seus pais, na súa infancia, no sentido da propia vida, ... Eu me esforzo en recordar algunhas palabras do meu pai, algún consello, algunha directriz, e caio na conta de que non me deu practicamente ningunha. Non era un home de consellos, senón de exemplo persoal. Unha persoa íntegra, con moitas virtudes humanas. Non era demasiado relixioso, pero era extraordinariamente bo e honrado, limpo e nobre, de alma e de palabra. Cando había algunha conversación improcedente que puidese rozar o

inmoral, cortábaa con decisión. "-¡Xa saíu *don puro*!", dicíanlle de broma. A min fíxome moito ben esa *pureza* interior, esa coherencia profunda da súa alma.

E viñémonos para Madrid, estaba a contar. En 1934 leváronme ao Colexio do Pilar. Anos despois comprobei que era un gran colexio, pero ao principio non pensaba do mesmo modo. Aínda resoan nos meus oídos as gargalladas dos meus compañeiros de clase cando unha mañá, enfiléi, decidido, a porta de saída.

-¡Navarro! ¿A onde vai vostede? - preguntoume o profesor.

-¡A mi casa! -contesteille, con toda a rotundidade dos meus seis anos. E remachei:

-¡Voume á miña casa, porque gústame máis estar alí que aquí!

Gardo unha débeda inmensa con aquel colexio, onde recibín unha magnífica formación académica, humana e cristiá. Aprendín a vivir unha vida de piedade sincera, aínda que aínda "tutelada". Logo direi por qué emprego esa expresión.

Rematei o bacharelato en 1944 e logrei superar, grazas a Deus, aquel terrorífico *Exame de Estado* no que varios catedráticos de universidade nos examinaban moi serios e con cara de poucos amigos dende as alturas dunha mesa. Alí, baixo a tarima, un sentíase como un pigmeo...

Ao ano seguinte ingresei na Escola Naval. No terceiro curso, ano 1948, estiven embarcado no *Elcano*, facendo viaxes moi interesantes polo Atlántico: Canarias, Río de Janeiro, Cartagena de Indias, Cabo Verde, ... Saín alférez de navío en 1950 e destináronme primeiro ao *Méndeze*

logo ao *Legazpi*, ao *Miguel de Cervantes* e ao *Martín Alonso Pinzón*.

## **Ignacio**

Ese período foi tan intenso como feliz, no que coñecín varias persoas que tiveron unha grande influencia na miña vida. Unha delas foi Ignacio Martel, un gaditano que era o segundo comandante doutro barco. Era un home singular, moi preocupado polos subordinados. Durante séculos, a mariñeiría, para descansar nos seus anacos libres, non tiña outra posibilidade que irse a pasear pola cuberta. E a Ignacio ocorréuselle crear “ el Hogar del Marinero”, un espazo onde os mariñeiros puidesen estar a gusto, charlar e xogar ás cartas. A partir de entón, en todos os barcos que se constrúen dedícase un espazo para o Fogar.

Ignacio era un bo cristián e grazas a el comecei a realizar actividades de

asistencia social. Acompañáboas nas súas visitas a persoas necesitadas de El Ferrol, encadradas nas Conferencias de San Vicente. Eu tiña moi presente o exemplo do meu pai, e inclinábame a participar en todo o que significase axudar os demais.

En aquel tempo dera xa o salto dende a "piedade tutelada" do colexio ata unha vida de oración persoal; o que se podería chamar unha "piedade responsable". Se non se dá ese salto é moi difícil avanzar...

Na capela da Escola Naval, que estaba sempre aberta, achegábame cando podía para facer un anaco de oración xunto ao Santísimo. Era unha capela pequena, situada nun lugar precioso, cunha vista espléndida da ría de Pontevedra.

Foime ben nos anos de Escola Naval. Grazas á boa base académica que recibira no colexio era un dos primeiros da promoción e podía

axudar, como é costume na Escola, aos compañeiros que van peor.

## **Un curso de retiro en A Estila**

O meu primeiro contacto co Opus Dei foi en 1950, estando eu embarcado en Ferrol. Asistín, con outros compañeiros, a un curso de retiro en Santiago de Compostela, no Colexio Maior La Estila, que nos predicou don Federico Suárez, moi bo sacerdote e gran historiador. Aquel curso de retiro impactounos especialmente.

Asistía con algúns compañeiros a reunións de formación cristiá. Esas conversacións sobre Deus durante a miña xuventude fixéronme moitísimo ben, porque aprendes cousas que non se che esquecen nunca. E tempo despois fíxenme cooperador do Opus Dei, animado por outro mariño, Rafael Caamaño, que posteriormente foi ordenado sacerdote.

A partir de entón procurei cooperar e axudar ao Opus Dei, porque coñezo o labor marabilloso que fai a Obra con todo tipo de persoas.

Coñecín a miña muller cando estaba destinado en Cádiz. Casamos, en 1958. Entón eu era tenente de navío e vivía en Génova, onde me destinaran dous anos antes, para que obtivese o título de enxeñeiro naval na Facultade de Enxeñaría da Universidade. Así que durante os primeiros anos de casados estivemos a vivir en Italia. Durante ese tempo asistía a algúns retiros espirituais en Milán e falaba cun sacerdote do Opus Dei, don Luigi.

**Xénova** Ao rematar os meus estudos en Xénova, xa cunha filla, estiven uns anos destinado en Ferrol e Madrid. Nese período naceron outros catro fillos.

En 1966 destináronme a Washington como agregado naval adxunto, para

colaborar coa mariña americana nun programa de construción en España de barcos de proxecto americano. Regresamos a España en 1970, cando me nomearon Xefe do programa das Fragatas Baleares.

E así foi pasando a vida. Os fillos foron crescendo, e ascendín Contralmirante en 1982, como Subdirector de Construcións Navais, e Vicealmirante en 1986. Un ano despois traballei como asesor do Presidente de Bazán, e en 1993 pasei á segunda reserva. Dende entón son *un xubilado*. **Voluntario en DYA, Desenvolvemento Y Asistencia**

E cando me dispoñía a exercer como tal e a gozar do *merecido descanso*, chámame un amigo, Rafael de Ojeda, e proponme colaborar nunha ONG, DYA, *Desenvolvemento e Asistencia*, que presidía Jose Maria Sáenz de Tejada, para axudar a persoas soas e

necesitadas nas súas casas, e a enfermos nos Hospitais.

"¿ E agora que fago "? -pregunteime. E concluí: "Sempre que me propuxeron axudar aos demais dixeran que si. Con mais razón debo facelo agora, que teño máis tempo". E apunteime a un curso de preparación desa ONG, na que participan algúns membros e cooperadores do Opus Dei. Os do curso empezaron dicíndonos que os voluntarios íamos recibir máis do que podíamos dar... Ao escoitar esas palabras pensei para os meus adentros que eran as frases típicas de comezos de curso; o que se lle di ao novato *para venderlle a burra*.

Logo descubrín que estaba equivocado: é verdade, os enfermos danche moito máis a ti do que ti lles poidas achegar a eles. Eu levo dez anos atendendo aos enfermos no Hospital Clínico e estou totalmente

*enganchado, super-enganchado*, como dirían os meus netos. No Hospital levas unha bata branca, cun brazaletes onde pon: *voluntario*, e vas conversando cos enfermos e axudándoos no que podes, especialmente cos que están sós e non teñen a ninguén que os visite. A miúdo abonda con escoitalos.

Recordo que durante unha tempada acompañaba a dar paseos polo corredor, a unha señora maior que estaba moi soa. Un día, ao entrar no cuarto, atopeina gardando as súas cousas nunha bolsa porque lle deran a alta. Intercambiamos algunhas frases de despedida. Ao rematar púxose seria, miroume e díxome: "E que vostede siga repartindo cariño". Confeso que me emocionei.

É verdade: os enfermos danche moito máis a ti ca ti a eles. É o que me comentou, antes de deixar o seu cuarto, un enfermo que tocaba o

clarinete na Banda Municipal de Madrid.

-Vostedes, os voluntarios, non saben o ben que nos fan, pero nós aquí -díxome, levándose a man ao corazón- sabémolo moi ben.

Os enfermos son moi agradecidos. Un día chamoume unha asistente social para que axudase a comer a unha señora con tumor cerebral. En metade da comida fíxome un xesto, intentando falar.

-¿Quere que lle parta a carne en trocitos máis pequenos? -pregunteille.

Movía a cabeza dicindo que non ao tempo que intentaba articular unha palabra. Eu non lograba entendela.

-¿Que quere vostede? ¿Auga? ¿Pan?

Ela seguía movendo a cabeza ata que, ao cabo dun anaco, facendo un

grande esforzo coa boca, logrou articular estas dúas palabras:

-Mu-chas gra-cias

## **Os meus netos**

E a iso é ao que me dedico agora, ademais da atención, xunto coa miña muller, aos meus fillos e netos. Os fillos traballan todos moito, teñen pouco tempo libre e, con frecuencia, necesitan axuda. E é que, como dicía un amigo meu: "Cando nace un fillo, sobe sobre os teus ombros e xa non se baixa".

Teño nove netos, a maior parte aínda pequenos, e procuro axudalos no que podo, algo que non ten demasiado mérito para un avó, porque se goza moitísimo con eles. Procuro levalos e traelos ao colexio, algo que fixen cos meus fillos, colaborando coa miña muller. Penso que esa é a misión dos avós: axudar aos fillos a criar os netos, tendo sempre presente que

non nos corresponde a nós educalos, senón aos seus pais. Pero debemos darlles bo exemplo.

Hai pouco oín dicir un avó: "*¡ pois se os meus fillos cren que eu vou facer de taxista dos meus netos, van listos '! '*". Sigo dándolle voltas á frase e non a entendo. A min paréceme que nesta vida estamos para axudar aos demais, facendo de taxista ou do que sexa. ¡ E máis se son os teus netos!

Un verán vi dende o xardín da miña casa a un rapaz ao que non lle arrancaba a moto. Saín e estivemos a probar, unha e outra vez, ata que arrancou. Ao rematar, unha neta miña preguntoume: "Avó: ¿e ti coñecías ese rapaz? Ao contestarlle que non, exclamou: "*¡ É que ti axudas a todo o mundo '! '*".

Claro que estas cousas só se entenden ben dende unha visión transcendente da vida. Por iso, cando me correspondeu dicir unhas

palabras nos Actos das Vodas de Ouro do noso ingreso na Escola Naval Militar de Marin, faleilles aos alumnos e compañeiros de promoción das miñas vivencias nos anos alí transcorridos e, entre outras cousas, dos anacos que pasara rezando na capela. Non sei se foi algo axeitado para un acto dese tipo, pero me pareceu importante contarlles a miña experiencia, porque a min, eses anacos persoais de oración durante a miña xuventude deixáronme unha pegada indeleble.

Nestas idades da vida, botas a mirada atrás e decátaste de que a existencia é unha continua encrucillada de *síes* e *noes*, nas que tes que decidir constantemente: "¿ voume ou quedo "? ". Ante as dificultades tendemos a reaccionar como eu, cando quería marchar do colexio de pequeno...

Doulle grazas a Deus porque me foi poñendo persoas ao meu lado que

me propuxeron facer o ben e me axudaron a facelo: os meus pais, Ignacio Martel, os meus amigos do Opus Dei... Y sobre todo a miña muller, dunha fe clara e firme que me serviu de exemplo e impulso.

Evidentemente, as miñas respostas foron sempre decisións libres. Eu puiden dicir que non e quizais agora atoparíame só sen que ninguén me botase unha man, porque adoitas recoller o que sementas...

---

pdf | document generated  
automatically from [https://opusdei.org/  
gl-es/article/historia-dun-marino/](https://opusdei.org/gl-es/article/historia-dun-marino/)  
(08-04-2026)